



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	A Investigación na orientación		Código	652439014
Titulación	Mestrado Universitario en Innovación, Orientación e Avaliación Educativa			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Ser capaz de aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa Innovación, orientación e avaliación educativa.
A3	Ser capaz de concibir, deseñar ou poñer en práctica e adoptar un proceso substancial de investigación con rigor científico e de comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que a sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades; seguindo as pautas do método científico e dos procesos de investigación desenvolto acordos a determinadas metodoloxías de investigación cualitativa, cuantitativa e orientadas ó cambio e á innovación.
A5	Ser capaz de demostrar unha comprensión sistemática dos procesos de innovación, orientación e avaliación educativa e o dominio das habilidades e métodos de investigación relacionados coa mesma.
A7	Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas.
A31	Ser capaz de identificar as principais liñas de investigación en orientación e de analizar e valorar os métodos e técnicas de investigación utilizados.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B3	Traballar de forma autónoma e con iniciativa.
B4	Traballar de forma colaborativa.
B8	Ser capaz de comunicarse cos seus compañeiros, coa comunidade educativa e coa sociedade en xeral no ámbito das súas áreas de coñecemento.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Ser capaz de aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa orientación.		AI1	
Ser capaz de concibir e deseñar un proceso substancial de investigación con rigor científico seguindo as pautas do método científico e dos procesos de investigación desenvolto acordos a determinadas metodoloxías de investigación na orientación.		AI3	
Ser capaz de demostrar unha comprensión sistemática dos procesos de orientación e métodos de investigación relacionados coa mesma		AI5	
Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas.		AI6	
Capacidade de análise e síntese.			BI1



Traballar de forma autónoma e con iniciativa.		BI3	
Traballar de forma colaborativa.		BI4	
Ser capaz de comunicarse cos seus compañeiros, coa comunidade educativa e coa sociedade en xeral no ámbito das súas áreas de coñecemento.		BI8	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			CM1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			CM4
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			CM8
Ser capaz de identificar as principais liñas de investigación en orientación e de analizar e valorar os métodos e técnicas de investigación utilizados.	AI30		

Contidos	
Temas	Subtemas
Institucionalización da orientación	Desenvolvemento e situación actual no sistema educativo e no ámbito laboral Implicacións para a investigación
Liñas de investigación en orientación no ámbito educativo e laboral	Avaliación de necesidades  Deseño e avaliación de programas  Avaliación de servizos de orientación  A praxe dos profesionais da orientación, dos titores e doutros especialistas.  A titoría nos distintos niveis e modalidades de ensino  Avaliación de plans de acción titorial  Desenvolvemento profesional dos profesionais da orientación e dos titores e titoras. TICs e Orientación
Retos para a investigación en orientación na sociedade do coñecemento	Retos para a investigación en orientación na sociedade do coñecemento

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	1	0	1
Análise de fontes documentais	7	35	42
Presentación oral	1	1	2
Sesión maxistral	13	0	13
Portafolios do alumno	0	15	15
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo.
Análise de fontes documentais	Supón a utilización de documentos bibliográficos relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos
Presentación oral	Exposición verbal do traballo do alumnado no que o profesorado e demais alumnos propoñen cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno o longo do curso, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	A titoría será grupal e individual e está vencellada ó seguimento e supervisión das actividades de avaliación propostas.

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A presentación do traballo será oral nos horarios de clase e previa a súa titorización. Entre os criterios de valoración contémpanse a organización e síntese da información, a claridade expositiva a os elementos de análise e valoración nas temáticas estudadas.	20
Portafolios do alumno	O portafolios ou carpeta inclúe o traballo realizado polo alumnado, acompañado dunha reflexión sobre as aprendizaxes adquiridas e sobre o propio proceso de aprendizaxe.	50

### Observacións avaliación

--

### Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

--

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

A orientación profesional no marco da aprendizaxe ao longo da vida/652439015
--

#### Materias que continúan o temario

--

### Observacións

&lt;p&gt;Esta materia é de interese para o alumnado que &nbsp;queira centrar o seu TFM &nbsp;en orientación e titoría, &nbsp;xa que profundiza nas súas liñas de investigación e na análise das metodoloxías empregadas.&lt;/p&gt;
--



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías